



Ano VII. Boletín nº 54

Depósito legal: C-132-2000

dp@douspiere.es

Xuño, 2006

## CONCURSOS

No presente curso o IES Ramón Otero Pedrayo estivo representado na Olimpíada Matemática para segundo de ESO polos seguintes estudiantes: Andrea Gestal González, Héctor Mouriño Talín, Pablo Orosa Iglesias, Alberto Rivera Rey, Xacobe Sola Mallo e Irene Varela Martínez. Alberto e Héctor conseguiron formar parte dos 40 alumnos, seleccionados en toda Galicia, que realizaron a fase final en Vigo.



Por outra banda, queremos destacar tamén que o alumno de primeiro de ESO Cristian Ramos Lorenzo e os de segundo Héctor Mouriño Talín, Pablo Orosa Iglesias, Alberto Rivera Rey e Sabella Rodríguez Lorenzo foron os que acadaron a maior puntuación, entre os que se presentaron no IES Ramón Otero Pedrayo, no Canguru Matemático.




Os nosos parabéns a todos eles!

## RECTÁNGULO DE XOGO.

S e che digo que me vou referir a números, puntos, rectas, ángulos, rectángulos, círculos, esferas... pensarás que o tema que toca hoxe é matemáticas. Pois non, imos falar de fútbol.


¿Cantos deportes dos que coñeces non poderían existir se prescindimos dun rectángulo e dunha esfera? Comecemos pola esfera; é dicir, polo balón de fútbol. Non estamos diante dunha esfera calquera, debe ter un peso entre 410 g e 450 g e unha presión que tamén está estipulada. A súa circunferencia máxima debe andar entre 68 cm e 70 cm, polo tanto... ¿entre que medidas oscila o radio dun balón de fútbol regulamentario?, ¿canto mide a súa superficie?, ¿de o seu volume?

O balón de fútbol debe ser esférico, pero estamos falando realmente dunha esfera? Os fabricantes compoñen balóns partindo de diferentes tipos de pezas, pero todos identificamos o "típico" balón. Fixate nestas imaxes:



¿Que son as dúas primeiras figuras? Desríbeas, di de que tipo son as súas caras e como se xuntan nos vértices. A imaxe do centro chámase icosaedro truncado, ¿por que se chama así?, ¿cántas caras, vértices e arestas ten?

E agora reparemos nas dimensións do rectángulo de xogo, ¿ou deberíamos dicir rectángulos? ¿Cantos rectángulos podemos observar nun terreo de xogo?



Continúa na  
pax. 2

As liñas de marcación deben ter unha anchura máxima de 12 cm, e a seguir indicamos as lonxitudes mínimas e máximas entre as que poden oscilar.

- Liña de banda.* Pode ter entre 90 m e 120 m.
- Liña de meta.* Oscila entre 45 m e 90 m.

A liña de banda debe ser máis larga que a de meta. Para partidos internacionais as súas lonxitudes deben estar dentro das seguintes marxes 100-110 m e 64-75 m, respectivamente. A *liña media* divide o terreo de xogo en dúas partes iguais.

Tendo o anterior en conta, ¿entre que valores poden oscilar as medidas das superficies dos campos de fútbol?, ¿cal será a medida das diagonais destes rectángulos? Investiga tamén cales son as dimensións do terreo de xogo do estadio de Riazor.




O rectángulo sinalado cun *A* no esbozo anterior, chamase *área de meta*. Para debuxalo débense trazar dous segmentos perpendiculares á liña de meta a unha distancia de 5,5 metros medidos dende a cara interior de cada poste de meta. A lonxitude destes dous segmentos é de 5,5 m e os seus extremos están unidos por outro segmento paralelo á liña de meta.

A meta colócase no centro da liña de meta; está formada por dous *postes* unidos por un *traveseiro* (postes e traveseiro teñen que ter a mesma anchura e grosor que a liña de meta). A distancia entre os postes será de 7,32 m e a distancia da cara inferior do traveseiro ó chan de 2,44 m. As medidas parecen un pouco raras, pero reparade onde naceu o fútbol. ¿Recordas que un *pé* é unha unidade de medida do sistema inglés que equivale a 30,5 cm?

Tendo en conta o que acabamos de dicir, contesta a estas preguntas: ¿Cal é a medida de superficie da *área de meta*?; ¿cásas son as medidas da *meta* expresadas en *pés*?; ¿que proporcións ten a *meta*?; ¿canto mide a diagonal da *meta*?

O rectángulo *B* do debuxo é a *área penal*. Para determinar este rectángulo, trázanse dous segmentos

perpendiculares á liña de meta a unha distancia de 16,5 metros medidos dende a cara interior de cada poste da meta. A lonxitude destes dous segmentos é de 16,5 m e os seus extremos están unidos por outro segmento paralelo á liña de meta. ¿Cal é a medida da superficie da *área penal*?



Falemos agora de círculos, sectores circulares e segmentos circulares. O punto medio do segmento denominado *liña media* está claramente marcado. Este punto tómase como centro para determinar o *círculo central*. A circunferencia que limita o círculo central ten un raio de 9,15 m.

En cada área penal, está marcado o *punto penal* situado na recta perpendicular á liña de meta, trazada polo seu punto medio, a 11 m de distancia. Este punto é, polo tanto, equidistante cos dous postes da meta. Facendo centro no punto penal, cun raio de 9,15 m, trázase un arco de circunferencia para determinar un segmento circular pola parte de fóra da área penal.

Facendo centro en cada vértice do rectángulo de xogo e tomando un raio de 1 m, constrúense, dentro do terreo, as *áreas de esquina*. Son catro sectores circulares con ángulo de 90°.

Para rematar propónemosche que contestes ás seguintes cuestiós: ¿cásas son as medidas respectivas das superficies do círculo, segmento circular e sector circular que acabamos de describir? ¿A que distancia está o punto penal de cada un dos postes?

¿Ti fútbol ou matemáticas?

Daniel Pereira García.  
2º ESO-A.



Fontes:

- [www.geocities.com/Athens/Delphi/9368/reglas.htm](http://www.geocities.com/Athens/Delphi/9368/reglas.htm)
- <http://www.lfp.es/reglasjuego/regla1.htm>
- Enciclopedia Encarta 2004
- <http://www.canaldeportivo.com/club/estadio/>

## GOTA A GOTA


No mundo no que vivimos, a auga é unha substancia imprescindible para os seres humanos. Nós, de tanto gozar dela por estas latitudes, ás veces esquecemos que é un ben escaso noutros lugares do planeta. Existen persoas que saben apreciar o verdadeiro valor de cada gota de auga, pois de cada unha desas gotas depende a súa vida.

¿Tendes reparado neses carteis que, dende hai semanas, se ven polo instituto pedíndonos que coidemos cada gota de auga? Debido a esta campaña, ocorrénse nos dar resposta á seguinte pregunta: *«Cantas gotas de auga consumimos cada mes?»*

A nosa idea foi investigar cantas gotas de auga hai nun centímetro cúbico para poder deducir a continuación o número de gotas que contén un metro cúbico. O proceso que imos detallar a continuación desenvolvémolo no laboratorio do instituto.

Todos entendemos o que queremos dicir coa palabra *gota*, pero dende logo non é esta unha unidade de medida. Para realizar a nosa investigación decidimos empregar dous tipos de contagotas (que denominaremos 1 e 2), e tamén utilizamos dous tipos de auga: auga "do grifo" e auga de mar.

As diferenzas que observamos ó cambiar o tipo de auga foron, praticamente, inapreciables, polo tanto imos reflectir aquí únicamente ós resultados correspondentes á auga "do grifo".



Posto que *unha única proba non fai estatística*, contamos as gotas que caben nun centímetro cúbico varias veces e en diferentes días. Tamén utilizamos unha balanza electrónica para determinar a masa.

Nas seguintes táboas resumimos os resultados que obtivemos. Na primeira columna anotamos o número de gotas que caben nun centímetro cúbico (valores que tomou a *variable estatística discreta*) e na columna segunda aparece o número de probas que fixemos (*frequencias absolutas*).

### Contagotas 1:

Número gotas $x_i$	Número de probas $f_i$	$x_i \cdot f_i$
11	3	33
12	5	60
13	13	169
		21
		262

### Contagotas 2:

Número gotas $x_i$	Número de probas $f_i$	$x_i \cdot f_i$
17	3	51
18	11	198
		14
		249

Así, pois, cando usamos o contagotas 1 obtemos que un centímetro cúbico de auga contén, como media, 12,48 gotas; mentres que para o contagotas 2, a media é de 17,79 gotas de auga. Dito doutra forma, para os nosos contagotas, nun litro de auga hai entre 12 476 e 17 786 gotas e nun metro cúbico temos entre 12 476 190 e 17 785 714 gotas de auga. Cremos que, como conclusión, podemos facer a seguinte afirmación: *nun metro cúbico de auga caben arredor de 15 millóns de gotas*.



Pedimos ós nosos compañeiros de clase que nos facilitaran, de maneira anónima, os seguintes datos: o número de persoas que viven na súa casa e os metros cúbicos de auga consumida que figurasesen no último recibo (un período de tres meses).

Con estos datos construimos a seguinte táboa:

Consumo no período (m <sup>3</sup> )	nº persoas	m <sup>3</sup> por persoa (no período)	m <sup>3</sup> por persoa no mes
47	3	15,67	5,22
41	3	13,67	4,56
40	3	13,33	4,44
36	3	12	4
24	2	12	4
36	4	9	3
35	4	8,75	2,92
34	4	8,5	2,83
20	3	6,67	2,22
22	4	5,5	1,83

Evidentemente, o número de datos recompilados é escaso. Pero a partir deles facemos a seguinte dedución: a estimación do *consumo medio mensual por persoa* é  $3,50\text{ m}^3$  (3500 litros), o que vén a representar arredor de 152,5 millóns de gotas de auga por persoa ó mes!

## *¡Cuida cada gota!*

Leticia Lema López e  
Belén Sánchez Sánchez.  
3º ESO-C.



(O noso agradecemento á profesora Pilar Marco López polas  
facilidades que nos deu á hora de usar o laboratorio)

# ¡BENVIDA, HIPATIA!

No IES Fernando Wirtz da Coruña puxeron en marcha, no presente curso, o seu boletín de divulgación matemática, chámase **HIPATIA**.

É para nós motivo de gran alegria o saber que nos próximos cursos teremos un compañeiro para percorrer este camiño.

Se queredes ler os números de Hipatia, pedídenolos no Departamento de Matemáticas.

**HIPATIA**

*As Matemáticas forman parte da cultura*

**Boletín de divulgación matemática do IES "Fernando Witzt" de A Coruña**

Ano I. Curso 2002-2003. Número 1

Decembro 2003

**PRESENTACIÓN**

Tres miéres trae a píxinas lecturas de Departamento de Matemáticas, elaborado coa colaboración de alumnado de secundaria.

Proximamente podréis ver que se chama **HIPATIA**. Bravamente, ao rango das vossas vidas:

- Hipata foi unha matemática resida en Alexandria no século IV (270 - 350). Fíxe importancia matemática sobre xeométrica, aritmética e astronomía. O seu prestizo en illa, que resultou cuestionable dendeñar planteas nas súas classes para escolalar.
- O resarcimento da súa velha estuporante a pesar de ser mullo. Dende Galia, mo dos máis relevantes innovadores do mundo de Europa, que entón unha moita e cresta de separación só resultaba proximo das nosas costas e proximidade "unha distinción que non é maior dala vostre, anímate a viver e a ser exemplo de resarcimento".
- Foi vítima do ateísmo e do fundamentalismo. Os fanáticos relixiosos matemática e química permitiu defendela o ensinamento frenético nos degustos. Unha das frases que se lle atribúe é a seguinte: "Difunde o teu desexo a pesar, porque lechosa pensas de resarcir a vossa ardor a través da vosa peitora".

NESTE NÚMERO

1. Fracassadas
2. Sistemas Lácteos
3. ¿Qué posibles son los sistemas dinámicos y estables?
4. Antes de la ecuación
5. Géndro e vida en el sistema solar / Alzara entre os nubes

**SUMARIO BELEZA**

Este proximado número de HIPATIA está dedicado a eclesias de Sol que pulúronse var o pasado 3 de outubro.

Dende logo, o proxecto resulta accesible para todos e todos, aínda que engadiremos mui persoas que contribúen ese os científicos sonos incapaces de apreciar a beleza, e mesmo que establecemos na súa descomunal Xa en 1817 o excedente poeta galego John Keats, incluído en Vida pedindo consuelo á muerte de Nerón e das Meditaciónes para desfrutar "o paseio das amigas illas an redelle a un príncipe".



*Epoca "proibida". Foto da Auto-Lux (Vilanova, C. 1912).*

Mais obviamente, adestrados de orgullo de que no Matemáticas e a ciencia engadións ellos a matemática tan proxixa, por exemplo, a contemplación dunha ecuación ou a geometría que tales os pumas, apreciar a belleza dunha ecuación poea, un silencio tempo, temos a capacidade de sentirnos moi más Felizmente, posiblemente entendido o libro de que a Lata e o Sol posuían no caso de nosas elementa, herdo unha encantadora amabilidade, exercitando pensando nos míticos exercicios que talvez devorásem para encher os tempos e os distinxentes os Sol e o Lata; con un vicio que obligaría a *Hipatia* no desfacer os sistemas caprichosos que servían para explicar por que os enigmas de Sol aman veces os taurinos e outras veces as vacas, difundir ante a predominancia das ecuaciones que observásemos e a interpretación conflictiva das partes de Bally e das ecuación "phóbicas", etc.

No entanto, considerámos que os Matemáticos e a ciencia tamén son cosa espelada para prelucrar a beleza de que nos resulta, non somos, e que é a vosa obxectivo desse boleiro.